

AO COIDADADO DO SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

_____, con DNI _____, traballador/a da Universidade da Coruña que presta os seus servizos como _____, campus _____

EXPOÑO:

1. Que participei nas probas para a execución do proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da Universidade da Coruña, convocadas pola Resolución do 10 de xuño de 2013 (DOG n.º 121, do 27 de xuño de 2013), en virtude das cales, unha vez superadas, fun nomeada funcionaria do subgrupo E pola Resolución do 16 de decembro de 2013 (DOG n.º 246, do 26 de decembro de 2013). Tomei posesión da miña praza como funcionaria o día 8 de xaneiro de 2014.

2. Que o Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña, asinado o 13 de xullo de 2012 polos representantes do persoal de administración e servizos tanto funcionario como laboral e o reitor desta institución, Xosé Luís Armesto Barbeito, establece na súa estipulación 1.^a, relativa á habilitación do proceso de funcionarización e os seus principios, o seguinte (o subliñado é meu):

*As premisas do proceso son a **voluntariedade**, só se funcionarán aqueles traballadores que o desexen; a **non discriminación**, o proceso ábrese a todas as categorías laborais baixo uns parámetros homoxéneos aínda que adaptados ao grupo; o **mérito e capacidade**, é preciso demostrar determinados coñecementos sobre normativa administrativa, universitaria e funcional; a **garantía de dereitos**, ningún traballador verá mermados os seus dereitos, a súa antigüidade, nin as súas retribucións; ...*

3. Que con data do 14 de febreiro de 2014 foi enviada á listaxe de correo electrónico do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña unha Nota informativa sobre as prestacións de acción social para 2014 asinada polo xerente desta institución cuxo parágrafo cuarto di o seguinte (o subliñado é meu):

En definitiva, a redución orzamentaria da acción social en 2014 aplicarase unicamente sobre os contratos de seguro do persoal, de forma que nos de vida e accidentes do PDI se minorarán as coberturas e no seguro de asistencia sanitaria (ou nas axudas equivalentes) do PAS funcionario deberá facerse polo persoal interesado en manter a súa póliza de saúde unha achega ao prezo actual nas correspondentes mensualidades de 2014 (ou a correspondente minoración da axuda). Esta redución realizarase en cada colectivo en proporción ao gasto efectuado para cada un en 2013. Ao PAS laboral que aínda non se funcionarizou, manteráselle o seguro de saúde nos mesmos termos que en 2013, en virtude dos dereitos garantidos no seu Convenio colectivo vixente.

4. Que a obriga de realizar calquera achega ao prezo actual das mensualidades de 2014 como condición para manter as pólizas do seguro de saúde con que xa contaba por parte do persoal laboral funcionarizado, entre o cal me atopo, é contraria aos principios do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña antes citado e supón unha vulneración da garantía de dereitos nel establecida.

Tal obriga, cando ao persoal laboral non funcionarizado se lle mantén integramente o seguro de saúde, representa unha mingua de dereitos non pouco importante apenas transcorridas seis semanas desde a toma de posesión do persoal laboral funcionarizado.

Por isto, **SOLICITO:**

O mantemento do seguro de saúde de que veño gozando nos mesmos termos de aplicación ao persoal laboral aínda non funcionarizado, coa finalidade de non sufrir ningunha mingua dos meus dereitos tal e como se reflicte no Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña.

_____, ___ de marzo de 2014

Asdo.: _____